

VICEPRESIDENCIA
Crearán ata o 2010 dez novos centros para discapacitados
 O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, expuso onte ao Real Padrão de Discapacidade a proposta galega para mellorar a rede de infraestruturas de atención a este colectivo. Quintana sinalou que o plan de equipamentos para atención a persoas con discapacidade intelectual suporá a creación de dez novos centros ata 2010.



MEDIO AMBIENTE
Vázquez confía en que "remate ben" o concurso ecológico

Manuel Vázquez mostrou onte o seu desejo de que a resolución do concurso ecológico "remate ben" e reconheceu que a xornada de hoxe será un "día clave". "Non teño por que ter ningunha dúbida de que todos estamos a intentar que Galicia teña o mellor plan ecológico", dixo antes de clausurar o I Encontro de Núcleos de Sustentabilidade Galegos.

CULTURA
Aberto o prazo para participar na primeira Mostra de Artesanía

Cultura abriu o prazo de inscrición da I Mostra de Artesanía de Galicia, cuxos preparativos están en marcha para que a comunidade sexa, durante tres días, punto de encontro de expresións culturais no que as técnicas artesanais se combinarán coas innovacións que chegan da man do deseño e das correntes artísticas.

LABORAL
A CIG denuncia que 2.000 mariñeiros "rozan a escravitude"

O secretario nacional do sector do Mar da CIG, Xabier Aboi, denunciou a existencia de empresas que ofrecen traballadores estranxeiros – fundamentalmente de Indonésia – para cubrir postos de traballo no sector da pesca en condicións que “rozan a escravitude”. O sindicalista estima que poderían ser ao redor de 2.000 os afectados.

Limitar as subvencións á producción de coches ecolóxicos “non axuda”, di Ianni

► O director de Citroën en Vigo pediu un “plan de urgencia” para reactivar as vendas

LV / Axencias

O director da factoría de PSA Peugeot Citroën en Vigo, Pierre Ianni, advertiu onte de que a intención da Administración de condicionar as subvencións ao sector á producción de coches eléctricos e sistemas de baixas emisións de CO₂ “non vai axudar moito” a esta industria.

Ianni realizou estas declaracions nunha comparecencia de prensa previa a unha reunión co Clúster de Empresas da Automoción de Galicia, para abordar a implantación do sistema de producción *lean*, e recordou que, na actualidade, “hai moi poucos coches que emitan menos de 140 gramos de CO₂”. Así, apuntou que, no caso da fábrica viguesa, só unha versión de automóbil cumple esta condición.

O director da planta de PSA Peugeot Citroën matizou que as axudas que está a deseñar o Ministerio de Industria refirese non só á producción de coches eléctricos, senón



Antonio Vega e Pierre Ianni, onte durante as segundas Xornadas do Lean. > AGN

a aqueles desenvolvimentos ecológicos, como os híbridos, motores de baixa emisión de gases, etc.

No entanto, Pierre Ianni sublinhou que “a solución” á crise do sector é “un plan de urgencia que reactive a compra de coches”, para o que “é necesario que a xente teña posibilidade de préstamos fáceis e baratos”.

“Hai que dar capacidade de compra a toda a xente, só así podemos aumentar a producción”, sinalou, á vez que precisou que un plan como o da Administración “non vai axudar moito”.

Treves-Galicia dá o visto e prace ao ERE

Por unha amplia maioría, só tres votos en contra e dúas abstencions, o persoal de Treves-Galicia, empresa auxiliar de PSA-Citroën situada no polígono do Campiño (Pontevedra), deu o visto e prace aos últimos cambios acordados nas condicions do ERE temporal que a empresa expón para o ano 2009.

Os docentes usan pouco as novas tecnoloxías pola falla de formación

LV / Axencias

Poucos profesores utilizan plenamente en Galicia a capacidade das novas tecnoloxías, más por falta de formación que por disponibilidade de medios, indicou onte a catedrática de Ciencias da Educación da USC Lourdes Montero.

Segundo o equipo que coordina Montero e que levou a cabo varios estudios sobre a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) en varios ámbitos do ensino público, nos últimos “tres a cinco anos” houbo “fortes investimentos” en computadores e en material informático.

Eses investimentos non foron acompañados de cambios en “políticas formativas, organizativas ou de apoio para facilitar o contexto de axuda”, dixo. O resultado é que “o modelo educativo segue sendo frontal”, de maneira que os profesores non axudan aos alumnos a construir o seu coñecemento.

Fraga arránxao a medias

► O presidente fundador do PP aclarou onte: “Eu non falei de colgar a ningúen, senón de ponderar o peso de nacionalismos”

LV / Axencias

O presidente fundador do PP, Manuel Fraga, atribuíu onte a polémica xurdida a raíz das súas declaracions sobre os partidos nacionais a unha “interpretación torcida”, e sublinhou que el non falou “de colgar a ningúen”, senón de ponderar o peso dos nacionais no Parlamento.

En declaracions aos medios antes de asistir a unha conferencia de Anxo Quintana en Madrid, Fraga referiuse así ás críticas que recibiu polas afirmacións nas que sinalaba que habería que ponderar o peso dos partidos nacionais “colgándoolos algúns sitios”.

“Eu non falei de colgar a ningúen, senón de sopesar... Preguntaronme como ponderar; ponderar é pesar; ben, poi dependerá de cómo se expresen as declaracions; iso é o que dixen”, recalcou o veterano político galego. E engadiu: “Se vostede tivese que contestar 50 preguntas en 50 minutos, gustaríame ver como saíria vostede...”.



Quintana desexaría unha rectificación clara do vilalbés

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, dixo sobre as últimas declaracions de Fraga que sería mellor unha “rectificación clara e rotunda”, ainda que valorou que assistise onte á súa conferencia no Fórum Nueva Economía en Madrid. Non pudieron saudarse porque o vilalbés marcho antes de rematar o acto, “como é habitual nel”. > Marta Peleteiro

frase

“¿O BNG VOTARÁ EN CONTRA DOS PGE OU SEGUIRÁ SENDO TAN SO UN PARVO UTIL AO SERVIZO DO PSOE?”

Ruiz Rivas (PP), a Quintana



Feijoo quere manter un debate con Touriño

Alberto Núñez Feijoo afirmou onte na TVG que non se debería “privar” os cidadáns galegos dun debate “entre as dúas persoas que temos posibilidades reais de presidir o próximo Goberno” da Xunta, en alusión a el e ao actual presidente, Pérez Touriño.